

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNADO “AS BRAÑAS” DO C.E.P. DE VENTÍN DE AMES

## Capítulo I

### Denominación, fins, domicilio, ámbito

**Artigo 1.** Coa denominación ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNADO “AS BRAÑAS” DO COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE VENTÍN, AMES, constitúese esta asociación ao abeiro da Lei Orgánica 8/1985 do 3 de Xullo, reguladora do Dereito á Educación, e da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

**Artigo 2.** Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

**Artigo 3.** Terá como fins os seguintes:

- a) Asistir ás nais e aos pais do alumnado e, de ser o caso, ás súas titoras e titores legais, en todo o concernente á educación do alumnado.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promover a participación das nais e dos pais do alumnado no control e na xestión do Centro.
- d) Asistir ás nais e pais do alumnado no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilitar a representación das nais e pais do alumnado no Consello Escolar do Centro.
- f) Estimular a participación das nais e pais do alumnado na programación xeral do ensino a través dos órganos colexiados correspondentes.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do Centro cos outros establecementos escolares e os sectores sociais e culturais da contorna.
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no ámbito do Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, de raza ou de sexo.
- i) Requirir aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, recadando a atención e axudas que esta mereza.



- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- k) Promover reunións de colaboración de nais e pais co profesorado e as boas relacións entre ambos.
- l) E calquera outros fins lícitos que, sendo conformes á lei, acorde a Asemblea Xeral.

**Artigo 4.** Para o cumprimento destes fins realizaranse actividades formativas, culturais ou de estudo necesarias, reunións con todos os sectores da comunidade educativa, e todas aquelas outras actividades tendentes a cumprir os fins sinalados que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes

**Artigo 5.** a) Para a realización das actividades que lle son propias, a Asociación utilizará locais do Centro, e a dirección facilitará a integración das devanditas actividades na vida escolar, tendo en conta o normal desenvolvemento da mesma.

b) A efectos da utilización dos locais do Centro a que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da xunta directiva da Asociación á dirección do Centro.

**Artigo 6.** Para o mellor cumprimento dos seus fins, esta Asociación poderá integrarse na federación ou federacións de ANPAS que considere máis adecuadas, tanto no ámbito local, comarcal, provincial, autonómico ou estatal, así como noutras confederacións ou entidades que compartan os seus obxectivos e principios.

**Artigo 7.** O ámbito da Asociación abranguerá o termo municipal de Ames e fixa o seu domicilio no Colexio de Educación Primaria de Ventín, do Concello de Ames, Parroquia de Biduído, A Coruña.

## CAPITULO II

# Órgano de representación

**Artigo 8.** A Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretaría
- Vicesecretaría
- Tesourería
- Vicetesourería
- Vogais

Todos os cargos que compoñan a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de dous anos.

**Artigo 9.** Os membros da Xunta Directiva que teñan esgotado o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a designación das persoas que lles vaian a substituír.

**Artigo 10.** A elección dos membros da Xunta Directiva pola correspondente Asemblea, será polo procedemento de listas abertas.

**Artigo 11.** A Asemblea Xeral elixirá a Presidencia. A persoa elixida propondrá os restantes cargos, que deberán ser ratificados pola Asemblea.

**Artigo 12.** As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva, ou por incumprimento das obrigas inherentes ao cargo, poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

**Artigo 13.** A Xunta Directiva reunirse todos os meses do curso escolar e, ademais, sempre que sexa convocada pola Presidencia, enviando un resumo a todas as persoas asociadas informando dos temas tratados e das actividades realizadas. Tamén deberá reunirse a petición dun terzo da totalidade dos seus compoñentes. Quedará validamente constituída cando asista a metade máis un dos membros e, para que os acordos sexan válidos, deberán ser tomados pola maioría dos votos das persoas presentes con dereito a voto. En caso de empate, o da Presidencia será de calidade para deixar sen efecto o empate.



**Artigo 14.** As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios dos fins da Asociación sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da asemblea Xeral.

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- b) Executar os acordos da asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear a quen delegará determinadas actividades de Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa de competencia exclusiva da asemblea e sexa conforme á Lei.

**Artigo 15.** A Presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Asociación perante toda clase de organismos públicos ou privados;
- b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e doutra;
- c) Ordenar pagos e firmar, xunto coa persoa que ostenta a administración-tesourería, os libramentos, cheques, etc.
- d) Recibir, no nome da Asociación, calquera cantidade procedente de subvencións de entidades públicas ou privadas;
- e) Autorizar, coa súa firma, os documentos, actos e correspondencia da Asociación;
- f) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou no seu desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta, posteriormente á Xunta Directiva.
- g) Asumirá tamén, en todo caso, todas as facultades que a Lei establece.

**Artigo 16.** A Vicepresidencia será que se encargue de substituír á Presidencia na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que aquela. A Presidencia poderá delegar na Vicepresidencia as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou no conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

**Artigo 17.** A Secretaría terá ao seu cargo a dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificación, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de persoas asociadas e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se



cursen as comunicacións sobre designación de xuntas directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais, velará pola conservación dos locais sociais e gardará o cuño da Asociación.

A Vicesecretaría encárgase de substituír á secretaría na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que esta. A secretaría poderá delegar na vicesecretaría as súas competencias para atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

**Artigo 18.** A Tesourería está encargada de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará un Libro de Caixa e firmará os libramentos de fondos xunto coa presidencia, elaborará o proxecto de presuposto que a Xunta Directiva debe presentar perante a Asemblea Xeral e preparará as que deban someterse á devandita asemblea.

A Vicetesourería encargarse de substituír á Tesourería na súa ausencia, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que aquela. A tesourería poderá delegar na vicetesourería as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados ou un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

**Artigo 19.** O grupo de vogais ten as obrigas propias do seu cargo corno membros da Xunta Directiva e poderán recibir, por acordo desta, o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo, así como a execución de comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lles fosen encomendadas.

**Artigo 20.** A Xunta Directiva as seguintes comisións:

- a) A Comisión Permanente, composta pola presidencia, vicepresidencia, secretaría e a persoa representante da Asociación no Consello Escolar ou membro nomeado pola Xunta Directiva a tal fin. Esta Comisión terá como función dar solución a determinados temas para os que, pola súa urxencia, non poida ser convocada a Xunta Directiva.
- b) A Comisión Económica, composta pola Presidencia, Tesourería e Vicetesourería. A súa función será a de asistir á Tesourería.
- c) E calquera outra que se acorde constituír.

**Artigo 21.** As vacantes, que se puideran producir durante o mandato, de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente polos devanditos membros ata a elección definitiva pola asemblea Xeral.

# CAPITULO III

## Asemblea xeral

**Artigo 22.** A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación e está integrada por todas as persoas socias.

**Artigo 23.** As reunións da Asemblea Xeral ordinarias ou extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ao ano, dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio, e nela propoñerase a aprobación das contas e orzamentos e o programa xeral da actuación social. Tamén nela procederase á elección de membros da Xunta Directiva cando corresponda por imperativo estatutario. As extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da Presidencia, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o pida ou solicite formalmente, por escrito, polo menos un dez por cento (10%) das persoas asociadas. Con carácter xeral, os gastos que non estean contemplados no orzamento aprobado en asemblea ordinaria, e que superen os 300€, deberán ser aprobados previamente en asemblea extraordinaria, agás casos de urxencia debidamente xustificadas pola Xunta Directiva. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día e adxuntando toda a documentación relacionada para que as persoas asociadas poidan revisala antes da asemblea.

**Artigo 24.** As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos 15 días, podendo, así mesmo, facerse constar a data e hora na que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

**Artigo 25.** A Asemblea Xeral poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a maioría das persoas asociadas e, en segunda convocatoria, con calquera que sexa o número de persoas asociadas presentes.

- a) Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.
- b) No caso de delegar o voto noutra persoa, deberá notificarse por escrito á Xunta Directiva con anterioridade á votación.
- c) Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas participantes poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a



- sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.
- d) Nas xuntanzas a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da asociación.

**Artigo 26.** Será necesario o voto favorable dos dous terzos das persoas asociadas presentes na Asemblea para adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento das xuntas directivas.
- b) Disposición ou enaxenación de bens.
- c) Solicitud de declaración de utilidade pública da Asociación.
- d) Integración en Federacións.
- e) Modificación Estatutaria.
- f) Disolución da asociación.

## **Capítulo IV**

### **Persoas asociadas**

**Artigo 27.** Poderán ser membros da Asociación todos os pais, nais, titores e titoras maiores de idade do alumnado que cursan estudos no C.E.P. de Ventín, Ames.

**Artigo 28.** Serán dereitos das persoas asociadas:

- a) Elixir e ser elixible para todas as funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en todas as actividades da Asociación e utilizar os servizos que se poidan establecer en beneficio das persoas asociadas.
- d) Dirixir peticións e propoñer iniciativas aos órganos de goberno da Asociación.
- e) Recadar e recibir da Xunta Directiva canta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a todas as reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.

**Artigo 29.** Serán deberes das persoas asociadas:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea.
- b) Contribuír economicamente ao sostemento da Asociación na forma e modo que se estableza na Asemblea Xeral.

**Artigo 30.** Causarse baixa na Asociación:



- a) Por petición da persoa interesada.
- b) Por baixa dos fillos ou fillas con matrícula no Centro.
- c) Por falta de pagamento das cotas nun período superior a tres meses e mediando un apercibimento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por utilización da Asociación con fins alleos aos específicos da mesma.

Para excluír a calquera persoa asociada polas causas dos apartados d) ou e) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo, deberase escoitar á persoa expedientada, que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá ao expediente que estudará a Xunta Directiva, antes de propoñer a decisión que considere oportuna. Si se optase pola expulsión, deberá presentala na seguinte Asemblea que, despois de escoitar á Xunta Directiva e a persoa asociada, si o solicitase, tomará unha decisión que será inapelable.

**Artigo 31.** Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas das persoas asociadas periódicas ou extraordinarias, que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvencións, legados, herdanzas e doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptadas, tanto que proveñan de persoas físicas ou xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.

**Artigo 32.** A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se vaia constituíndo estará composto por todos os bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa administración corresponde á Xunta Directiva.

**Artigo 33.** O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

## CAPITULO V

### Disolución

**Artigo 34.** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade das persoas asociadas acordada por 2/3 das mesmas.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.



**Artigo 35.** En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido, destinarao a aquelas entidades sen ánimo de lucro destinadas a fins educativos cun espírito similar ao ánimo desta Asociación, que serán sinaladas na Asemblea Xeral en que se acorde a liquidación.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea presente nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, así como a Lei Orgánica 8/1985 do 3 xullo reguladora do Dereito á Educación, e de máis disposicións específicas de aplicación que proveñan da Comunidade Autónoma de Galicia, ou do Dereito Estatal Supletorio en ausencia do autonómico, segundo dispón a Constitución Española.

## DILIXENCIA DE MODIFICACIÓN

Estes Estatutos quedan redactados coas modificacións adoptadas na Asemblea Xeral do día 10 de abril do 2026 de conformidade coa Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e substitúen aos anteriores inscritos

A Secretaria

Vº e Prace Presidente

Margarita Murillo García

Javier Cacheiro López